




A TOUBA DO BRIÓN

Nº3 Xuño de 2008

Elaborada polo ENL do IES VAL MIÑOR



A TELLEIRA

ACTIVIDADES



A túa participación.....

FORTALECE A TODOS

ASÓCIATE: Ingresa 12 € -
anuais- en CAIXANOVA –Nigran
Cta. 2080/0052/2/2/0000163563

❖ **Colaboración, apoio e subvención nas actividades escolares e extraescolares do centro**

❖ **Participación dos pais/nais na xestión do centro e a súa representación no Consello Escolar**

❖ **Presentación das suxerencias dos pais/nais e alumnos ao Centro**

❖ **“Banco de libros” para os alumnos de 1º e 2º Bacharelato**

<http://centros.edu.xunta.es/iesvalminor/index.html> -sección ANPA-
apaiesvalminor@hotmail.com

Soneto da Touba do Brión

O monstro insaciable que nos leva nas gadoupas
deixounos sen folgos ante as portas do verán
e para darnos acougo pousounos sobre o chan
por riba das uces, das carpazas e das foupas.

Moi preto soaban as voces dunhas poupas
que parolando estaban cun pándego galán,
contaban que sempre as pilla á contramán
o remate do curso cheíño de galloupas.

Iso que elas dicían tamén che nos pasa a nós:
o san Xoán chega e aquí sen nos decatar
tentádomos rematar para non ficar en cós.

Píllanos máis unha vez coa touba a medio arranxar.
Teresa, que non dá feito, anda a meter máis presión
e o brión co soneto ás voltas non ve para onde tirar.

DESPEDIDA DO CURSO

No momento en que esta nova edición da revista do IES VAL MIÑOR chegue ás vosas mans, estaremos despedindo outro curso escolar. Algúns nos diremos “¿pero xa pasou outro ano máis?” e lembraremos con agarimo todo o bo que pasou no centro neste ano. Chega tamén o momento de despedirse de alumnos que estiveron connosco tantos anos e que se irán metade ilusionados e metade nerviosos ante os novos proxectos que lles esperan: Universidade, FP... Moito os botaremos de menos os profesores os vindeiros anos, e esperaremos voltar a velos de novo para saber que tal lles vai fóra do Instituto. Como de menos botamos tamén a Esther e máis a Marilís, que esperamos volvan estar pronto entre nós.

Novos profesores viñeron este ano, que nos demostraron a súa gran calidade humana e que se integraron connosco tan ben que parece mentira que leven entre nos soamente un curso. Ter ao noso lado a xente como Rexina, Natalia, Ángeles, Carmela, Lurdes, Susana, Gonzalo, Rubén, Noelia ou Lois é un auténtico luxo. A pena é a marcha de Rosendo, a quen non teremos como compañeiro o vindeiro ano e a quen desexamos unha feliz xubilación.

Moitos momentos bos tivemos este ano, grazas á ilusión e esforzo que lle botamos entre todos. Non hai espazo bastante para todos pero non podemos deixar de agradecer a Agostiño e, a todo o seu equipo, o esforzo por pór en marcha a Actividade de Cine, a Teresa polo seu labor na organización de actividades e na dirección do ENL (e particularmente por acompañarme e apoiarme na nosa viaxe a Estambul), a Fernando García pola súa disposición e todo o traballo que lle levou a organización da excursión de fin de curso de 4ºESO e máis a de Melgaço, A Fernando Bartolomé (a quen da gusto escoitar nunha conferencia e que é un dos oradores máis amenos que teño visto), e a todos aqueles que con entusiasmo e disposición colaboraron en tódalas actividades, sabendo que é imposible nomealos a todos.

Mención especial quero facer de Fernando Lahuerta, traballador incansable e gran amigo, que se atreveu a encargarse da Xefatura de Estudos (sen dúbida, o posto máis duro que hai nun centro como este). Quero tamén felicitalle polo seu premio de Innovación Educativa acadado mediante a súa orixinal páxina web en Inglés sobre Xeoloxía de Galicia.

E como non é xusto lembrarnos só dos profesores, non podemos deixar de agradecer a Elena e Ana o seu labor na Conserxería do centro. Tan bo labor fixeron que mereceron unha mención especial nun claustro no que aprobamos por unanimidade darlle un recoñecemento ao seu traballo. Igual de eficiente que o labor de Mari Carmen en Secretaría (o malo é que xa estamos afeitos á súa dilixencia e non llo agradecemos o que merece). E un agradecemento tamén a Rebeca e Carmen, que se encargan de que teñamos o centro en condicións tódolos días.

Mirando cara atrás lembrámonos tamén do momento de maior tensión cando o centro foi o foco de atención dos medios de comunicación. Todo quedou en nada, como nada era. Non é momento de buscar culpables con pensamentos do estilo “se fulanita fixera tal cousa ou menganita non fixera tal outra...” senón de encontrar solucións para que rapaces tan xoves, que son realmente os perxudicados, non se atopen nunha situación de tanta tensión e de pensar a función dos medios de comunicación, lendo criticamente os xornais e dubidando da súa veracidade.

Novos e ilusionantes proxectos puxéronse en marcha este curso, tentando dar a oportunidade a algúns alumnos de coñecer outras formas de pensar e de vivir. É unha mágoa que os recursos sexan limitados e que teñamos que elixir que alumnos viaxan e cales non, o que sempre dará lugar a que algúns se sintan perxudicados; sempre o facemos coa mellor intención e, dende logo, con gran esforzo.

O Director

Nigrán, 24 de novembro de 2007

Querido amigo:

Son unha emigrante do Sahara que chegou o 24 de xuño á túa terra. Cando cheguei fíquei apampada, nin eu mesma sei explicar o que pasou pola miña cabeza, todo me parece tan elegante..., nunca vira nada igual na miña vida.

Eu son dos campamentos do Sahara, é dicir, vivo no sur de Arxelia.

A paisaxe da miña terra é de area e pedras, a súa cor é marela como a area, como o deserto. O perfume máis habitual é o da herba do té.

O que máis noto en falta da miña terra, ademais da miña familia, é a miña mellor amiga Daiana. Teño saudade dos seus consellos, ela sempre estivo ao meu lado cando a precisei. As súas palabras son moi importantes para min. Dime que a vida é dura e que non sabemos o que nos espera. Tamén me di que a vida é unha caixa de sorpresas, que é ela a que manda e que nós non podemos manexala.

O meu mellor amigo en Nigrán chámase Antón. É moi garimeiro pero non é quen de imaxinar como é a miña terra e os seus problemas, e non sente o mesmo ca min. En cambio, os amigos do meu país, coa primeira ollada xa saben o que teño.

Vin á túa terra porque preciso estudar, no meu país non hai estudos para todos, e tamén porque quero aprender ben o idioma. Paréceme unha lingua moi importante porque se usa en moitos países. E por iso o meu soño é ficar en España máis tempo para chegar ao nivel máis alto do dominio do idioma.

Gustaríame ter un futuro fermoso, igual que calquera, cunha familia de meu; pero iso non significa que non vaia volver á miña terra, porque é a miña terra e nunca a poderei esquecer.

Como xa dixer, son de Arxelia e estamos en guerra con Marrocos dende o ano 1975. Levamos vivindo esta guerra trinta e dous anos. Nacemos e medramos nunha terra que non é a nosa.


O meu soño é poder chegar a ver o meu país, volver a el, porque é moi difícil vivir nunha terra que non é a túa, da que calquera te pode botar.

Coa calor que vai no deserto e coa falta de traballo e estudos que hai non podemos facer unha vida normal.

Con todo, temos algo moi importante. O mar.

O importante para nós son as persoas, non as cousas nin o diñeiro.

Moitas persoas no mundo teñen diñeiro pero non felicidade. No noso país de area sabemos que están equivocados.



Unha aperta

Herba de té.

A Touba do Brión, pág 5

A GARZA E O BRIÓN

A primavera era o tempo escollido polo brión para elevar o seu forte bruar sobre a Fonda do Arruído. O brión é unha grande ave da noite desaparecida xa da serra do Galiñeiro; no conxunto do noso país encóntrase nunha situación crítica. É sorprendente o nome co que se coñece en Vincios, pois a súa denominación máis habitual é a de bufo.

Tratábase dunha ave moi corpulenta, que os veciños comparaban cun "*ghalo bo*". A súa plumaxe era acastañada, salpicada de negro, "*era un paxaro disque precioso*". A cabeza tiña adornada con dous penachos de plumas que semellaban dous "cornos". O seu peteiro era curto, mais forte e ganchudo, como correspondía ao grande cazador da noite que era.

Era o brión moi pesado; normalmente, apenas o vían voar curtas distancias, de penedo en penedo. Raramente se deixaba observar durante o día. Os seus ollos eran "*mui ghrandes*", "*como os dun bo*", e se resultaba sorprendido á luz do día polos demais paxaros, fóra do seu acovillo, estes "*comíanlle os ollos*".

Era por iso que durante o día se recollía na cavidade coñecida como **Touba do Brión**, *Ghrencha do Brión*, Cova do Brión ou Outeiro do Brión. Este abrigo localízase baixo o Coto do Arruído. Antigamente, os nenos de Vincios subían até o *Pedraghullo* do Arruído para escoitalo bruar á noite, mais era tal o medo que puñan os seus fortes urros que os rapaces fuxían arrepiados. Sería por causa destes "*arruídos*" que o coto tomara tal nome?

Identificase o brión co bufo real (*Bubo bubo*), o xigante das rapinas nocturnas ibéricas. Naquel entón, a serra do Galiñeiro constituía un hábitat ideal para el, con amplas áreas de monte aberto e despoboado, no que se multiplicaban coellos e lebres, as súas

presas máis apetecidas. Cortados pedreguentos como a Touba do Brión proporcionaban ao bufo acubillo seguro onde poder criar.

O seu ulular era escoitado a grande distancia. Mais por desgraza o brión xa non canta nas noites do Galiñeiro...

Mais o brión non estaba só: a carón del vivía a súa compañeira; e ela non tiña ningunha semellanza con el.

A Touba do Brión é un dos lugares con máis misterio do Galiñeiro. Leva inscrito no seu nome o recordo da ave. Pero é a parella do brión o ser máis enigmático e intrigante dos que habitaban a Fonda do Arruído. Tratábase dunha garza, unha especie coa que a nivel biolóxico non tiña moito parentesco. Aínda así, concebían fillos en común, e habitaban nun lugar absolutamente estraño para unha ave acuática.

A súa plumaxe era grisalla, o pescozo longo, e alimentábase de peixes, características estas que encaixan na descrición dunha garza. Non obstante, era unha ave nocturna, cun peteiro curto, e bastante máis pequena do que o brión. Se a tiveramos que relacionar con algunha garza coñecida, sería coa garza da noite (*Nycticorax nycticorax*), especie moi pouco común no noso país.

A garza e o brión habitaban xuntos na Fonda do Arruído. Os nenos, naquel tempo, asomábanse por veces á parte alta do Outeiro, acompañados dalgún maior: tiñanlle medo aos gatos bravos que, daquela, se atoubaban nos mesmos penedos. Se tiñan sorte, sorprendían a estraña parella deitada nunha lapa na Ghrencha do Brión. Tampouco a garza era amiga de saír polo día, pois dicían que tiña os ollos moi claros, e a luz do sol amolábaa.

Vivían na lapa coas súas crías. Alimentábanse todos eles de peixe. O brión non pescaba: en canto caía a noite, voaba até un penedo ou ficaba na rocha cos pequenos, ao coidado deles. Era a garza quen saía naquel momento cara a Baiona. O brión agardaba. Pasado un tempo chamaba por ela, emitindo uns urros graves e profundos:

-Moo-rí, Moo-rí...!

Urros que finalmente se transformaban en:

-Maa-rí-a, Maa-rí-a...!

A garza chamábase María. Dicían entón os veciños:

"Xa lle tarda a comida, tárdalle a comida ao brión"

E o brión porfiaba:

-Marí-a, Marí-a, ti vés ou non vés, Marí-a...?

A garza voltaba da súa pesca en augas de Baiona ou da Ramallosa sobre a unha ou as dúas da madrugada. Mais ás veces perdíase. Entón o brión voaba ao alto dun penedo e chamaba por ela, para orientala así camiño do niño. Cando María chegaba por fin, compartía o peixe co compañeiro e coas crías.

Unha información de grande interese refírenos que, nun pasado, a garza salvara de morrer de fame aos veciños de Vincios. Tamén para eles pescaba María.

A figura da garza do Arruído é realmente estraña, e ás veces semella unha metamorfose dalgũa antiga divindade no seu papel de deusa da pesca ou provedora de alimentos.

En Irlanda existe unha narración que ten paralelismos coa garza do Galiñeiro. Trátase dun relato recollido dunha muller maior, veciña do condado de Kerry. Nela relátase o combate

librado entre un home e a *Cailleach* —o equivalente gaélico da Vella—, que xoga aquí o papel dunha bruxa sobrenatural moi destrutiva.

A *Cailleach* vivía desde tempos inmemoriais nunha cova entre as rochas, no alto dun val. Como no Arruído, tamén alí se escoitaba un terrible bradar ao caer a noite. Non había quen ousara entón aproximarse ao lugar. A *Cailleach* non se afastaba nunca da súa cova, na que vivía co seu fillo: un can con oito patas. Ninguén sabía de que se alimentaban, até o día no que o heroe do relato os sorprendeu... a mesma nai da Vella aínda vivía, e todas as noites pousaba no alto dun penedo situado á entrada da cova. Abría entón o peteiro, deixando caer as anguías coas que os mantiña. Antes de saír o sol, marchaba voando. Era unha garza.



A garza María e o brión ou *ghalo bo*

FESTIVAL DE NADAL

Cunha esmerada e agarimosa organización por parte do Equipo de Normalización Lingüística e contando coa presentación do acto por parte de Lara Alba e Lucas Martínez, sempre dotada de doses de humor e bo facer, tivo lugar o pasado 21 de decembro o Festival de Nadal do centro.


Aine Veloso pasou o mal trago e tivo o gran mérito de abrir o festival. Os seus dedos, fluiron tranquilamente polas teclas do piano eléctrico ao que non estaban afeitos e deleitaronnos cunha esmerada interpretación da sonata nº25 de Beethoven.



Eva Fernández, que aparece na foto axudando a Aine na súa actuación, permutou o seu posto con ela para interpretar, demostrando o seu dominio técnico, a Sonata 1634 de Haydn e un Preludio de Rachmaninoff.



Sen abandonar a música clásica, Adrián Melis, Iris Melís e María Pazos realizaron unha marabillosa interpretación con violín e viola dunha variación sobre un tema de Mozart.



Emotivos foron tamén as lecturas dos traballos premiados no concurso de relatos convocado polo Equipo de Normalización Lingüística e que se poden atopar nesta mesma revista. É unha mágoa que os premiados non estiveran presentes para ler eles mesmos os seus textos.

A lectura feita por Lara e Lucas non desmereceron os relatos pero, sen dúbida, os autores, coñecedores do relato escrito, saberían darlle unha maior forza e entoación.



Nunca se lles poderá agradecer a Natalia e María o suficiente o seu traballo para este festival. A preparación da clase de 2ºESO C na súa interpretación de "When the saints go marching in" á flauta foi

inmellorable. Semellaba que en lugar dunha clase de instituto, tratábase dun grupo musical que levaba anos tocando xuntos




Así como tamén foi un éxito a interpretación de "Rien de Rien" fenomenalmente dirixida por Rexina e levada a cabo polas alumnas de 1ºESO A Sofía Domínguez, Jimena Campos, Belén Alba e Saínza Pena. Moitas grazas polo voso esforzo.



Nunha soada actuación, o grupo de gaitas e percusión dos irmáns Cabaleiro demostraron a súa técnica e saber facer.



Como colofón inmellorable a esta festa, gozamos do grupo de teatro do centro "Tranghallada teatro" que interpretaron a súa célebre versión, en teatro negro, da obra "O principiño viaxa polo espazo".



VIAXE COMENIUS A VIENA

Dentro do proxecto Comenius, catro mozas de 3º ESO B, Inés, Marta, Sara e mais eu, Medea, viaxamos a Viena coas profesoras Carmela e Lurdes. Chegamos a Viena o luns 10 de Decembro, ás sete. Non fixemos nada en grupo; cada un encontrouse coa súa familia de intercambio de Viena.



O martes, fomos ao instituto de Viena para encontrarnos coa xente doutros países. O director e algúns profesores de alí faláronnos sobre o proxecto "Comenius". Despois tivemos unha actividade de teatro, na cal fixemos xogos mímicos para coñecernos mellor. Máis tarde comemos diferentes aperitivos que os estudantes de Viena trouxeron das súas casas. Estaba todo moi bo. Fixemos unha visita guiada polo concello: era moi vello e bonito. Moi preto do concello atopábase o "Mercado da Natividade", tradicional de Viena. Camiñamos por el e mercamos varias cousas. Máis tarde, tivemos tempo libre para estar coa xente dos diferentes países. Pola tarde fomos a un pub coa demais xente.



O mércores, ás nove, fomos á escola primeiro e tivemos unha guía polo instituto. Despois cada país fixo as súas "PowerPoint Presentations", as cales estiveron moi ben.

Máis tarde os alumnos de cada instituto



presentaron unha exhibición da típica comida do

seu país, no noso caso, de Galicia. Nós presentamos diferente comida: tetilla, e chourizo de Galicia, turrón,... e nós expuxemos


cousas: fotos de lugares e receitas de xantar. Todos os estudantes e os profesores



puidemos xantar as

diferentes comidas. Tivemos un taller de pintura no que fixemos un "collage" con fotografías de revistas. Falamos tamén cos outros estudantes. Ás tres en punto visitamos o Cemiterio Central de Viena, pero chovía moito e a maioría da xente foi a casa ou a diferentes lugares cos novos amigos que fixemos en Viena.





O xoves atopámonos no instituto ás nove menos cuarto; algúns estudantes demos unha volta polo instituto cun grupo de profesores e estudantes. O instituto era moi bonito e grande. Máis tarde, ás nove, ensináronnos

Viena. Visitamos a "Stephen's Cathedral" situada no "Stephansplatz", a estatua de Mozart, "Heroes Square", "Pestsäule", a



Ópera de Viena e o "Spanish Riding School", e máis lugares importantes. Pola tarde, tivemos a posibilidade de visitar o Castelo de "Schönbrunn" e o "Sissy-museum". Nós tivemos a tarde libre, e a maioría de nós fomos mercar e saímos coa xente de alí. Eu non fixen moitas cousas porque estaba moi cansa, pero fun coa miña estudante vienesa a varios lugares de Viena e estivemos na súa casa; pasámolo moi ben.



Este día nevou moito e ía moito vento. Ás sete tivemos unha cea de despedida, nun típico restaurante Vienés. Alí

O venres, primeiro tivemos un taller de baile no instituto, no que bailamos. Despois fomos dar unha volta pola cidade. Visitamos o "Karlskirche" e o "Karlsplatz", o "Belvedere Palace" e o

ceamos moi ben e despedímonos os profesores e os estudantes dos diversos países. Pola noite, saímos pero non chegamos moi tarde.



O sábado, o grupo galego voltamos a casa con moi boas sensacións de Viena e a súa xente.



Recomendamos participar no "Comenius project". Merece a pena!



Medea Müller 3ºESO B

A TRADICIÓN DO SAMAÍN

A festa do Samaín, a máis importante do período precristián, marcaba para os celtas o comezo dun novo ano.



Nesta data prendíanse lumes sagrados frotando pólas de serbal e teixo. Con esta cacharela inicial alimentábanse as lareiras de todas as casas.



Polo Samaín era costume baleirar nabos de grande tamaño –posteriormente cabazas– para pórles dentro candeas.



Varios séculos despois esta tradición –que se mantén aínda en Galicia– ten continuidade nas festas de Halloween, que poderían ter exportado

aos Estados Unidos os irlandeses no século XIX e comezos do XX.



Os alumnos de 3º e 4º da ESO do I.E.S. Val Miñor de Nigrán celebraron a tradición baleirando e tallando cabazas.



Posteriormente expuxéronas para todos os alumnos do centro. Velaquí o resultado.




4ºESO D

**ALUMNOS DE 1º BAC
VISITAN UNHA
EXPOSICIÓN EN
SANTIAGO**

Africa, de Sebastian Salgado é unha exposición que non deixa a ninguén indiferente, demoledora, realmente impresionante. Faise certo aquilo de que unha imaxe vale máis ca 1000 palabras,.... e son 56.

As fotografías son en branco e negro porque na ausencia de cor hai unha




grande e triste verdade que pode captar mellor o fondo das cousas e todo aquilo que o artista planta ante a súa cámara.

Para mín, as súas fotografías son a linguaxe máis poderosa coa que calquera pode entender o que intenta transmitir dun continente que leva visitando 30 anos, tentando roubarlle un trozo da alma con cada unha das súas fotografías. Pero aínda vendo todas as súas marabillas quedan cousas de África sobre as que reflexionar, un continente que navega á deriva, habitado por homes e mulleres fortes, defensores da súa dignidade e do seu territorio.

Bruno Canella Rodríguez (1º Bac B)



VIAXE COMENIUS A ESTAMBUL



Despois dunha gran madrugada e varias horas de espera en Madrid, un avión deixaba a oito galegos no seu destino: Estambul.

Alí agardábanos as familias que durante os próximos cinco días nos ían acoller. As impresións que tivemos todas foron moi parecidas: xente moi amable e agarimosa que nos fixo vivir uns días rodeadas de luxo. A sorte que tivemos nós coas familias non a tiveron Teresa e Eduardo co hotel xa que despois de ver o lamentable estado das habitacións decidiron cambiarse a un motel




A Cristina e máis a min, Patricia, tratáronnos moi ben na casa que estivemos, o problema é que viviamos na zona asiática, polo que tiñamos unha hora e media de camiño ao colexio. Ao chegarmos o luns, non cría o que vía: un colexio tres ou catro veces máis grande có noso e completamente novo. Na cafetería coñecemos aos demais participantes no proxecto.

Logo houbo unha presentación de cada escola no auditorio do centro que rematou con actuacións musicais e de danza de artistas profesionais. Ese mesmo luns fomos a un parque próximo onde tivemos un xogo con distintas probas por equipos nos que os membros eran de diferentes países, para facilitar que nos coñecéramos uns aos outros. A min este xogo gustoume moito, xa que foi moi divertido.

Voltamos ao colexio para comer e pintar unhas figuras de barro. Ao rematar, vimos a actuación dun grupo de baile que nos amosou as roupas e os bailes tradicionais de Turquía.



O martes tivemos obradoiro de música. Sentáronnos nunhas banquetas e, cunhas baquetas, fixemos percusión nuns caldeiros de pintura. Despois de xantar leváronnos ao palacio Dolmabahçe. Tiñamos que pornos unhas bolsiñas enriba dos zapatos para non manchar. Cando rematamos a visita, volvimos ao colexio facendo un longo percorrido turístico co autobús. Polo serán fomos a un centro comercial enorme, no que había que pasar por un detector de metais para poder entrar. Alí vimos dúas mulleres ás que só se lles vían os ollos. A rapaza que nos acollía díxonos que non lle gustaba que estivesen así porque iso amosaba atraso na súa cultura.



O mércores erguémonos moi cedo, coma tódolos días. Tivemos un bo e potente almorzo nas nosas casas e nos dispuxemos a ir ao colexio, uns en autobús, e outros co

chófer. Chegamos, arredor das oito e media, á elegante cafetería. Pola mañá fomos ao Gran Bazar, onde vimos moitos carteis escritos en castelán. Tamén visitamos o palacio de Topkapi, Santa Sofía e a Mezquita Azul (nesta as mulleres tivemos que cubrir a cabeza cun chal).



Á tarde estivemos preparándonos para a cea da noite. Foi no comedor principal, e os turcos estaban todos moi elegantes, a diferenza de nós. Bailamos a muiñeira, por sorte, ensaiáramola unha vez antes. Facíanlles graza os traxes, mais seica lles gustaron. Saíu ben a pesar das risas, e Aine leu en turco divinamente. Os turcos e os de Palma, que



formaban un grupo musical propio, volveron tocar e, entre todos estivemos cantando a

canción dos Beatles; "Let it be". Estivemos bailando e rindo, ata a hora de marchar. Entón foi cando os chóferes das nosas familias viñeron buscarnos.

O xoves pola mañá presentáronse os traballos sobre danza e música de cada país. Empezou por Turquía, cun vídeo precioso sobre os seus tradicionais costumes musicais. A nosa presentación impactou polo colorido dos traxes e gustou moito a canción "O Son do Ar". Despois fomos plantar árbores como símbolo de amizade do Proxecto Comenius. Cando voltamos ao centro, xa nos fomos despedindo dalgunhas persoas porque era o último día que pasabamos no colexio. Pola tarde, algúns compañeiros quedamos nun centro comercial.



Aine e máis Yésica tivemos que marchar cedo porque tiñamos que ir a un teatro para ver unha obra musical sobre a guerra de Troia. Na entrada a nosa amiga turca díxonos que no teatro había espazo para 5000 espectadores. Despois da longa espera e con sono, pasamos á sala, tiñamos reservados sitios na zona VIP. Os actores bailaban impresionantemente. Foi a noite máis marabillosa da viaxe.

O venres almorzamos nunha cafetería típica de Estambul. Estivemos despedíndonos dos nosos amigos. Logo tivemos que voltar a casa para coller as maletas e que nos levaran ao aeroporto. Unha vez alí, despedímonos, déronnos regalos e fixemos fotos. Facturamos, fixemos as últimas compras e fomos cara ao avión. Chegamos a Madrid con retraso e tocounos correr para non perder o enlace; anque tivemos sorte e o avión a Vigo tamén tiña retraso: non tivemos problema!! Embarcamos e chegamos a Vigo, onde nos agardaban as nosas familias.



Cristina Carbajal (3ºB)
 Sylvia Fernández (4º)
 Mara Ríos (3ºB)
 Yésica Santamaría (4º)
 Patricia Troncoso (3ºB)
 Aine Veloso (4ºA)

I MINI OLIMPIADA GALEGA DE QUÍMICA

O pasado 25 de abril celebrouse a Fase de Zona da I Mini Olimpiada Galega de Química. Neste certame, o noso centro estivo representado por sete alumnos/as de 4º de ESO: Reyes Rodríguez, Sabela Sanromán, Pablo Varela, Javier Curra, Pablo Dasilva, Silvia Fernández e Laura García.



A experiencia, pese a ser a primeira vez que se celebraba, foi gratificante tanto para os alumnos/as como para min, a súa profesora.

Algunhas das súas impresións foron:

“ É unha boa experiencia porque tes sensacións semellantes ao que poida ser a selectividade. Creo que nos axudará no futuro. Repetiríaa, porque aprendes moito e é unha axuda para o noso traballo no instituto ”

“ A experiencia foi positiva para aprender a controlar os nervios. Repetiríaa, foi interesante ”

“ Foi unha experiencia moi boa, paseino moi ben. Repetiríaa de novo. Moi ben!”

“ Foi unha experiencia moi positiva e inolvidable. Todo estaba moi ben organizado e tratáronnos moi ben”

“ A Mini Olimpiada de Química estivo ben organizada, aínda que deberían avisar

con antelación para poder preparar os temas moito mellor”

“ Foi unha boa experiencia, aínda que o exame práctico foi bastante difícil, a pesar de que os cinco problemas eran bastante semellantes. Aínda así, esforzámonos ao máximo e estou moi orgullosa do noso resultado”

“ Foi unha moi boa experiencia, coa que aprendimos moitísimo e puidémonos poñer a proba. De todos xeitos, o exame era máis difícil do que imaxinabamos, pero nos esforzamos e conseguimos superar a primeira fase, grazas a iso, sentímonos moi orgullosas”

Dende aquí quero agradecer a estes rapaces e rapazas o enorme esforzo que fixeron e a paciencia e comprensión de todos aqueles profesores e profesoras que lles permitiron nas súas horas de clase asistir á preparación da proba.

Todo isto se viu compensado coa selección de dúas das nosas alumnas, Reyes Rodríguez e Sabela Sanromán, xunto con outros sesenta rapaces e rapazas de toda a nosa comunidade, para a Fase Final que tivo lugar o pasado 23 de maio na Facultade de Química de Santiago de Compostela, da que saíron moi satisfeitas. Noraboa!!!

PALOMA PÉREZ

CIENCIA E CINE: GATTACA

Gattaca foi a primeira película coa que arrincou a actividade de cineclub para os alumnos de 3º e 4º ESO do Instituto Val Miñor. Eliximos un film que permitise un achegamento tanto desde o ámbito académico (especialmente en aspectos relacionados coa selección xenética e as novas biotecnoloxías aplicadas á especie humana), como o debate sobre as consecuencias éticas e sociais (que tamén poden aplicarse a outros temas como a clonación de embrións humanos).

UNHA PELÍCULA PARA PENSAR NA SOCIEDADE

Gattaca (1997) é unha interesante película de Andrew Niccol. Trátase dunha película que expón, sen abrumarnos con efectos especiais, unha visión anticipadora bastante completa sobre as posibles consecuencias dunha manipulación xenética humana levada aos seus extremos. Anque, como tódolos films clásicos de ciencia-ficción, opta por unha visión catastrofista do desenvolvemento, pareceunos unha película moi suxerente pola cantidade de temas que ofrece e os matices que introduce neles. O director declaraba nunha entrevista: "Detestaría a alguén que vexa a miña película e pense que é partidaria de non entrometerse cos xenes, porque hai e haberá moitas cousas positivas que levar a cabo con esta ciencia en temas de saúde. O problema é a borrosa liña que separa a saúde do "dopping" xenético. ata onde queres chegar? Consideras como enfermidade a miopía? E a calvicie prematura? Onde trazarías a liña?".

A película permítenos, pois, aproximarnos a agunhas das máis polémicas cuestións que hoxe se están a debater: As posibilidades da manipulación xenética; ata onde debemos levar as investigacións nestes campos; sopesar os beneficios e perigos da enxeñería xenética, establecer os límites éticos da investigación científica, analizar as repercusións da ciencia e como transforma á sociedade, ou tratar a relación entre Ciencia e Poder.



VEXAMOS ALGÚNS DATOS SOBRE A PELÍCULA E O DIRECTOR

Título orixinal: Gattaca

Nacionalidade: EE.UU., 1997

Duración: 112 minutos

Dirección: Andrew M. Niccol

Guión: Andrew M. Niccol

Producción: Danny de Vito, Michael Shamberg y Stacey Sher(

Fotografía: Slawomir Idziak

Montaxe: Lisa Zeno Churgin

Dirección artística: Jan Roelfs


Efectos especiais: Gary d'Amico

Música: Michael Nyman

Reparto: Ethan Hawke (Vincent Freeman/Jerome), Uma Thurman (Irene Cassini),

Jude Law (Jerome/Eugene Morrow), Gore Vidal (Director Josef), Alan Arkin(Detective Hugo), Loren Dean (Anton), Tony Shalhoub (German), Elias Koteas(Antonio), Ernest Borgnine (Cesar)

O seu estreno: el 24 de outubro de 1997 en EE.UU e o 20 de marzo de 1998 en España.



O neozelandés **Andrew Niccol** (nacido en 1964), formouse en Londres. Foi en Inglaterra onde conseguiu certa reputación como escritor de guións e creador en campos relacionados coa publicidade. Despois trasladouse a Los Angeles e debutou na dirección cun guión seu: Gattaca en 1997. A película demostrou a súa solidez como guionista e ratificouna firmando o guión de "El show de Truman" (1998) película filmada por outro director oceánico afincado en Hollywood, o australiano **Peter Weir**. Nela o dúo Niccol-Weir produciu unha das máis intelixentes indagacións que ofreceu o cine recente sobre o papel (e o poder) da Televisión, na sociedade actual. A súa última película, como guionista e director, é "Simone" (2001), na que se narra a decisión dun director de cine (Al Pacino) que decide suplir a unha actriz falecida por unha virtual, fabricada dixitalmente. Como nos seus anteriores traballos, parece que se inclina polas historias que mesturan o avance técnico-científico e o factor humano.

A HISTORIA QUE CONTA A PELÍCULA

Sendo un neno Vincent descobre que é un "non-válido", unha persoa concibida naturalmente e non, coma seu irmán Antón, mediante deseño xenético. Iso destínoa a unha vida inferior nunha sociedade na que a maioría porta unha carga xenética superior á súa. Pero desde un episodio da súa infancia, na que salva ao seu irmán "perfecto", Vincent parece disposto a rebelarse xa que aspira a ser piloto espacial, algo vetado aos "fillos de Deus" como el. Coa colaboración dun traficante, suplantar a Jerome, un ser xeneticamente superior pero paralizado tras un accidente. Desde ese momento Vincent (agora Jerome) logra entrar na corporación Gattaca pero debe vivir constantemente para non ser descuberto por un sistema moi sofisticado que chequea constantemente o material xenético dos empregados. Alí coñece a unha muller que o admira ao consideralo un espécimen superior. Todo parece ir conforme aos plans de Vincent ata que se produce un asasinato e desátase unha investigación que Vincent non poderá burlar.

A SELECCIÓN XENÉTICA E A XENTÉ: A FICCIÓN FEITA REALIDADE?

En setembro o "New York Times" mostraba a toda páxina un anuncio sorprendente: na composición víase a foto dun bebé xunto cun menú para o "melloramento xenético" proporcionado por GATTACA, unha empresa de enxeñaría xenética. O anuncio ofrecía diferentes posibilidades segundo os que os potenciais clientes estivesen dispostos a pagar: podía elixir desde un coeficiente intelectual superior a media ata determinadas calidades atléticas para os futuros bebés. Miles de persoas, moitas delas futuros pais, entraron na dirección de Internet que figuraba no anuncio pero descubriron que se trataba soamente do anuncio dunha película.





UN POUCO DE CIENCIA: XENES E XENOMA HUMANO

Os avances no campo da bioloxía molecular incrementou considerablemente o interese dos científicos no campo da Xenética, especialidade que apenas conta cun século de antigüidade. Grazas a estas novas técnicas podeuse levar a cabo o Proxecto Xenoma: é o intento de construír un mapa con tódolos xenes do corpo humano. O home ten uns 10 billóns de células duns 200 tipos diferentes. Cada célula ten a dotación xenética completa. O xenoma humano é o conxunto de xenes. Consta duns 3 billóns de pares de bases que forman uns 30.000 xenes.

Polo tanto é fácil imaxinar o tremendo interese que provocou os últimos avances en Xenética.

O xen é, pois, a unidade básica da herdanza, constituído por pares de bases (A-T, C-G), cunhas secuencias que se repiten, orixinando unha cadea de ADN en forma de dobre hélice con 3.000 millóns de pares de bases en cada unha das nosas células. O ADN forma os cromosomas. Nos xenes hai secuencias de ADN que se encargan de iniciar a actividade xénica e o produto son as proteínas, moléculas que constrúen a estrutura e morfoloxía dos diferentes



órganos e sistemas do corpo humano, e encárganse por tanto da color do pelo e dos ollos, o funcionamento dixestivo, e de realizar funcións vitais para a supervivencia das células. Algunhas das enfermidades xenéticas, hereditarias ou adquiridas, das que antaño tiñamos limitadas nocións sobre as súas bases bioquímicas, poden ser definidas na actualidade desde o punto de vista molecular cunha gran precisión. Os progresos que se están realizando no coñecemento da patoloxía molecular humana poden provocar que a sensación que describía o Dr. Richard Seed como "a nosa vocación de ser coma deuses" se convirta nunha obsesión, e por qué non? nunha realidade nun futuro non moi distante. Na práctica, os expertos son escépticos acerca das posibilidades reais que levará o mapa do Proxecto Xenoma, pois se enfrontan a numerosas dificultades técnicas. A principal delas é como conseguir introducir o xen adecuado na célula para modificar a dotación xenética desta. Tense a estraña sensación de posuír unha arma potentísima, pero sen saber como apretar o gatillo (información recollida na Revista Médica en Internet, 2001)

Ás veces, os xenes determinan a **predisposición** a enfermidades como, por exemplo, ao cancro, á hipertensión arterial, á arteriosclerose, a obesidade, e outras patoloxías que poden aparecer se os nosos hábitos e formas de vida non son moi saudables e as desatan. Ás veces, os xenes teñen erros que provocan enfermidades hereditarias por defectos xenéticos nos que non inflúe o ambiente (mutacións ou erros nas secuencias de bases, ou erros que afectan á estrutura ou número de cromosomas como son os casos de síndromes xenéticos).

Hai casos, pois, nos que os xenes si causan a enfermidade, pero non así sempre.


¿Que significa predisposición á unha enfermidade? ¿Significa que imos ter a enfermidade de xeito inevitable? GATTACA ofrécenos interesantes respostas.

PARA REMATAR

Penso que para ser unha película de ciencia ficción, consegue unha atmosfera curiosa, xa que, a pesar de non ter practicamente efectos especiais, resulta moi críble. Axúdalle a ambientación tan fría mesturada cunha sociedade totalmente racial e superficial. A atmosfera que reflicte a película é altamente racial, defínense as persoas segundo o seu ADN, sendo os perfectos, os destinados a un labor de alta escala social, mentres que os "imperfectos" (chamados fillos de Deus na película) están nunha escala social por debaixo. Cántanos como un home pese a súa condición, (ser un non válido) consegue, despois de moito esforzo e perseverancia, viaxar ao espazo, o seu soño. Outro home que pese a ser perfecto, fracasou na súa vida profesional e non consegue vivir con iso. E unha muller, esta, aceptada pola sociedade, que se bate nunha contradicción entre os seus sentimentos e os seus labores profesionais en Gattaca. Persoalmente, a miña escena preferida é cando Vicent lle gaña ao seu irmán, pese a que Antón é o perfecto, e ten que selo outro quen lle salve a vida (isto ocorre ata dúas veces na película).

A pregunta que penso nos deberíamos facer todos é a seguinte:

- Dividiríamos as persoas en perfectas e imperfectas? Hai persoas perfectas e persoas imperfectas?



OUTRAS PELÍCULAS SOBRE ÁS SOCIEDADES DO FUTURO A EVOLUCIÓN OU A MANIPULACIÓN XENÉTICA DAS QUE DESTACAMOS

1. "Metrópolis", **Fritz Lang**, Alemania-1926. Pódese dicir que a película é a "nai" do cine futurista.
2. "Zardoz", **John Boorman**, USA-1974. É unha versión ou interpretación de *O mago de Oz* en clave futurista, unha visión del s.XXIII.
3. "La fuga de Logan", **Michael Anderson**, USA-1976. É unha curiosa historia sobre a rebeldía fronte a un destino xenético impuestro.
4. "La isla del Dr. Moreau", **Don Taylor**, USA-1977 e o remake de **John Frankenheimer**, 1996 Un clásico da ciencia-ficción de H.G. Wells (1896): o paso de animal a home.
5. "Los niños del Brasil", **Franklin J. Schaffner**, USA-1978. Otro clásico de la literatura de ciencia-ficción de Ira Levin (ésta con carga política).
6. "Blade Runner", **Ridley Scott**, USA-1982 Desde Metrópolis, o film que mais marcou a visión fílmica do futuro, en especial polo seu planteamiento urbanístico e por plantexar o tema dos replicantes en base á célebre novela de Philip K. Dick "¿Sueñan los androides con ovejas eléctricas?". Esta foi outra das películas do noso cineclub.
7. "Parque Jurásico", USA-1993 y "El mundo perdido" 1995 (ambas de **Steven Spielberg**). Un atrevido acercamento ao tema da clonación baseada en novelas de Michael Crichton. Muy adecuadas para os mais pequenos.
8. "Mis dobles, mi mujer y yo", **Harold Ramis**, USA-1996 Unha comedia que se acerca con inxenio ao tema da clonación.
9. "Matrix", **Larry y Andy Wachowski**, USA-1999. Proposta estética contemporánea e audaz. Vai camiño de ser un film de culto.
11. "Inteligencia Artificial", **Steven Spielberg**, USA-2001. Un acercamento sentimental á creación de seres con vida.

Silvana Silveira.

PREGUNTAS A ALUMNOS DE SEGUNDO DE BACHARELATO:

Martín Cruces e Abel Fernández

Cómo describirías a túa experiencia no instituto?

Martín: Boa, pero pouco satisfactoria.

Abel: Foi unha boa experiencia, pero mellorable. Aprender e coñecer a moita xente, que é unha cousa imprescindible no ser humano. Formeime como persoa e intelectualmente.

Cal é o mellor recordo que tes?

Martín: A profesora de galego que tiven o ano pasado e as clases con Carmiña, sen dúbida.

Abel: Indubidablemente, toda a boa xente que coñecín.

Se tiveras que expresar a túa estancia no instituto nunha palabra, cal utilizarías?

Martín: Monótona.

Abel: Apaixonante.

Que tes pensado facer ó saír deste centro?

Martín: Irme de festa.

Abel: Seguir estudando, ata conseguir meus obxectivos universitarios.

En que materia che foi mellor? E cal che gusta máis?

Martín: Bioloxía. Economía.

Abel : Historia e Matemáticas. Historia.

Cal che pareceu o curso máis complicado? E o máis sinxelo?

Martín: Segundo de bacharelato. O resto.

Abel: Segundo de bacharelato referente aos estudos e terceiro da ESO referente ó nivel persoal. Cuarto de secundaria, o máis sinxelo.

Foi moi complicado o cambio da secundaria ó bacharelato?

Martín: Non, o cambio grande foi de primeiro de bacharelato a segundo.

Abel: Foi un cambio, pero non difícil.

Cres que o nivel deste instituto ten moita dificultade?

Martín: Non, moi pouco ata segundo de bacharelato.

Abel: Non, dependendo dos gustos e preferencias, pero en xeral, non.

Que che parece a preparación no instituto para a selectividade?

Martín: Moi deficiente nalgunhas asignaturas (letras) e moi excesiva noutras (ciencias).

Abel: Este ano metéronos caña, entón si.

Tiveches algunha mala experiencia no instituto?


Martín: Si. Cando Eduardo me mandou ao seu despacho no entroido, sen vir a conto, e os tres meses castigado con Xosé Lois na secundaria.

Abel: Si. Cando en terceiro da ESO sen ningún tipo de precedentes nos castigaron sen excursión de fin de curso en cuarto da ESO, nunca me esquecerei diso. Pagaron xustos por pecadores (sen incluírme).

Dáche pena deixar o instituto?

Martín: Si, moita, porque levo toda a vida neste centro.

Abel: Si. Polos bos recordos e, á vez, non, porque acaba aquí un ciclo da miña vida e comeza un mellor.



*Jana Maguna e Guillermo Amoedo
3ºESO C*



REXINA VEGA ESCRITORA E PROFESORA

Por qué o título de *CARDUME*?

A idea parte da imaxe dunha bancada de peixes movéndose ó compás e dalgún xeito o que quero expresar é o movemento colectivo dos homes como peixes reaccionando do mesmo xeito nos grandes conflitos históricos , como a guerra civil Española.

Por que decidiches escribir este libro?

Este libro nótrese en gran parte da miña memoria familiar, eran historias que eu oía de pequena, e que me fascinaban, tamén é un acto de xustiza poética intentando deitar luz sobre aspectos non coñecidos e heroes anónimos da nosa historia recente.

Como te sentiches cando recibiches o premio?

Era a primeira vez que escribía unha novela e non podía nin soñar cun recoñecemento tan alto, vivino como un soño feito realidade.

Tes novos proxectos?

Si, vou intentar seguir aprendendo como facer unha novela , e estou facendo outra.

Jana Maguna e Guillermo Amoedo
3º ESO C

Entrevista:

Jesús Martínez Novás (15/05/1965)

Lugar de nacemento- Tui

Lugar de residencia-Porriño,vive alí dende os dous anos, mudouse alí cos seus pais.

Logros-Escalou 7 dos 14 oito miles, que hai no mundo, no 96 escalou o monte Everest e o último cume ao que ascendeu, foi a do monte "logse", no 2000.

Como comezou a túa afección cara a este deporte?

-Pois cando era moi pequeno, sobre os 9 anos, gustábame moito ir ao monte cos compañeiros da zona, en bicicleta, entón o mundo da natureza foime gustando, e aí comezou todo. Ademais, fun a un pequeno curso que había de escalada, e xa aos 13 ou 14 anos, ía ao monte cos compañeiros. Comezou todo a esa idade.

Que recordos gardas dos teus comenzos?

-Gardo sobre todo o recordo dalgún compañeiro, que foron os que me axudaron a escalar. Sobre todo lémbrome dun compañeiro que se chamaba Miguel, que morreu facendo alpinismo, porque a pesar de que a xente di que hai que estar moi tolo para facer alpinismo, é todo o contrario, hai que estar moi san para facer isto.

Cales foron os cumes que escalaches, e cal foi o máis difícil? ¿Tes pensado escalar os sete oito miles que che quedan?

-Dhaulaciri, Cho Oyu, Everest, Logse, Gawsen brun 1, Gawsen Brun 2 e o Brua Pick. En canto cal foi o máis difícil, non se sabe, nunca un monte vai ser máis difícil ca outro, porque a montaña non se mide así, mídese pola dificultade do momento, por como estás ti física e mentalmente nese intre. Todo depende das circunstancias e non, non teño pensado facer as outras sete polo momento.


O ascenso realizouse en todos os casos sen osíxeno?

-Si, en todos. Gústame subir ao monte co contorno natural e non usar nada artificial, e o osíxeno embotellado é algo artificial. Prefiro estar eu só e a montaña.



Que tipo de preparación física e mental se precisa para a práctica deste deporte?

-Pois son igualmente importantes tanto a preparación física como a mental. Quizais a mental e máis importante, porque hai que ter moita fortaleza mental, para afrontar este tipo de actividades. Podes" derrubarte" en calquera momento; estás alí sen a familia, os amigos e sen ningún tipo de apoio. Estás acostumado ao ruído, á xente, aos coches e a todos eses aspectos da túa vida cotiá, e faise duro atoparse tan só; nun ambiente tan hostil, estás exposto ao perigo, e sabes que xogas a vida, por iso é tan importante a parte psicolóxica. Eu diría que un 30% da preparación é física e un 70% mental.



Supoño que para ascender un oito mil se necesita algún tipo de financiación especial. Tes algún tipo de patrocinadores?

-Os oito miles son moi caros, porque tes que pagar varios permisos que custan moitos cartos, e se queres facelos podes ir de dúas formas: Ou pagas os permisos ou vas de "pirata". Se pagas os permisos tes que buscar patrocinadores ou ben pagalos ti, só na última expedición os patrocinadores pagaron o total dela.

Que equipaxe se necesita?

-Pois un bo calzado, para camiñar comodamente, un bo calzado para a altura para protexer os pés do frío e despois á parte de roupa quente, un bo abrigo, material técnico como poden ser mosquetóns, cravos...

Penso que o alpinismo é un deporte duro. Viviches momentos dramáticos algunha vez? Chegaches a temer pola túa vida?

-Pois momentos dramáticos sempre vives algún, pero a verdade é que nunca cheguei a temer pola miña vida, penso que non podes pensar na posibilidade de que che pase algo porque se non non podes reaccionar a tempo.

Como podes gozar desta profesión aínda sabendo que xogas a vida?

-En primeiro lugar, non o considero unha profesión, penso que é unha forma de vida, unha etapa da miña vida. É algo que me enche e me gusta, e sempre que non lle fagas dano a ninguén debes facer o que che gusta.

Canto tempo pasas fóra de casa?

-Como mínimo un mes e o máximo que estiven fóra, foron seis meses.

Vas só na expedición?

-Depende, hai momentos nos que vas só, outros nos que vas cun compañeiro, e outros nos que vas con máis.

Gáñase moito dedicándose ao alpinismo?

-Ben, hai xente que gaña cartos practicando este deporte, pero son os menos. Hai quen é profesional do alpinismo e ten ingresos dos patrocinadores ou outro tipo de traballos relacionados co alpinismo como poden ser proxeccións, reportaxes para televisión...

Como definirías o momento que está vivindo o alpinismo en Galicia? Que facilidades consideras que hai?


-O alpinismo en Galicia sempre estivo máis ou menos igual. Nunca se tratou dunha terra na que houbera canteira de alpinismo, houbo épocas nas que houbo xente que destacou, pero penso que estamos nun dos mellores momentos deste deporte en Galicia. En canto a facilidades se refire, a verdade é que hai poucas, moi poucas.

Cales son os teus próximos proxectos, se é que tes algún?


-A verdade é que por agora non teño ningún.

A que idade soe retirarse un profesional deste deporte?

-Non hai unha idade determinada para retirarse ou comezar neste deporte, poderíase dicir que calquera idade é boa, tanto para comezar como para retirarse. Todo depende da persoa, hai quen fai unha actividade moi dura a unhas certas idades e a prolonga durante unhas etapas da súa vida, un bo exemplo disto, é un home venezolano que ascendeu o Everest con 62 anos e cando tiña 65 aínda seguía escalando.



USAGI ☯ HOTARU






BUAAAA
TEREI QUE AXUDAR-
CHE IDIOTA

AODIA SIGUIENTE
TAKESHI

VE
VE
VE
N



TEÑO QUE FALAR CONTIGO
AGORA MESMO
QUE MEDOO MELHOR FÁGOLLE CASO

QUERO QUE ME AXUDES A XUNTAR A USAGI E A TETSU

PEROO... TETSU... NON SEI... MAAAA

PEROO... TETSU... NON SEI... MAAAA

ADEMÁS ESTÁN OS INTERESES, COMEÇONS, 10% TAE...

FAKE SHIT!

FAREI FILLOS CO TEB SANGUE!
NON NON POR FAVOR!

VALE VALE, FAREINO

NA BIBLI
SE A RAZZ CADRADA DE 500 É... MAAA... CANTO É? QUE DÓR DE CAREZAH!

USAGI VENIII
NON, ESTOU ESTUDANDO

AAAAII HOTARU DÉIXAMEII!

AAAAII HOTARU DÉIXAMEII!

TEMOS QUE ESTUDAR PARA OS EXAMES PRÓXIMOS
CERTO, É MELHOR FACÉLO XUNTOS, NON?

QUE??

CASA HOTARU

ESTE É O MEU QUARTO DE BOWPEDES. ALGO, BÓMPRO-VOS A CABEZA

METE MEDO

AQUÍ SENTOME EU!!

XA ME QUEDO AQUI NON ?

TETSU, PORQUE NON LLE EXPLICAS A USAGI MATE ? DÁSEDE BEN

É NECESARIO ?
SIIIIII!!!

DES HOTARU
POR QUE NON ME AXUDAS ??
NON TOLAR

O LÍMITE DE 3 É INVERSAMENTE PROPORCIONAL Á COTAXENTE DE 300° DIVIDIDO ENTRE...

NON ENTENDO NADA DO QUE DÍ, PERO POUER ESTAR CON EL POUA TARDE. FÁEME MEI FELIZ!! ADEMAIS ESTÁ TAN GUAPO SEN O UNIFORME...

AO DIA SEGUINTE

¿ADÓNDE TÚ, NON PODO DE PARTIR A PRIMA ?
H "NON NODO TR"

QUE FAGO AGORA?





TETSU !!
MEÑA EU PODO E A MEÑA OPORTUNIDADE

TETSU !!

WAA??

USAGI, ESTÁS BEN ?
OUCH!!!

AXÚDOME A LEVANTARTE ?
NON NON PODO EU JEJEJE





TETSU, TENO QUE FALAR CONTIGO

SÓLTALO TODO ANORMALI POR QUE O FIZECHES?

MANDOUME SAYU QUE QUERÍA SEPARAR A TETSU E A USAGI EU SÓ O FIZEN POR DIFEREN NON PÓE CULPA MEÑAI

PÓES TEREI QUE 'FALAR' CON SAYU



TEÑO QUE EXPLI-CAR-CHÉ O DE ONTE




NON TES POR QUE CON-TAR-ME NADA



PERO EU QUERO QUE SÉPAS QUE... QUE...



QUE ES UN IDIOTA!!!




MÁIS TARDE...

EU SÍ SON LINHA IDIOTA...



SEI LEVANTAR-ME SOA



EH?



VEÑA, A QUE ESPERADES?



PAR DE ÑOÑOS!

AAAAH!!



TEMPO DESPOIS NA ENFERMERÍA

DÓECHE, NON?

TI QUE CRES?



USAGI, SEINO TODO, HOTALI CONTOUMO ANTES




TETSU...




DIÁRIO

MORTE NO PARQUE

Unha xoven chama-
da Yuse morreu a
pasada noite no
parque, foi asasinada.
Un testigo
do crime recoñeceu unha
tatuaxe na man en
o testigo





ANDRÉ É KAZUMA,
UM MOMENTO, TEN A
MARCA DO ASSASSINO??





HOLA SAZAKI, KERDES VOR
A MINHA CASA, A VER
UNHA PELA
NA MINHA
HABITACIÃO
?? ^




MMM SERÁ
UNHA BOA
OPORTUNIDADE
PARA BUSCAR
PROVAS QUE
A INCRIMINEN



VALE
IREI A
TUJA CASA





▶ DIARIO ◀

DESPARECIDO


Un xoven chamado Yuzaki desapareceu pouco despois de que a súa noiva Yuri morrera asasinada no porche. A policía valenciana en dean caso, podendo ser tratado dun crime pasional



CONTINUARÁ...

Destrucción da Terra

* Esta historia é de ficción, calquera parecido con realidade pura coincidencia!





lopicato. Malo malissimo rindo a gargalhadas.




Que passa...? Queres que use este poder contra ti?



Non te emocionas!

do Dragon - Fall!



Démonos pressa e comencemos o teu adestramento.



Que é isto? Porque o tens posto?



Camera adobrante




DÍA UN (acumular enerxía)

Puro unha cinta



Estamos no medio do monte?

Porque se según que estou en...



O primeiro é acumular enerxía. Será máis doado se o tens posto.



DÍA DOUS (dar forma á enerxía)


oohh




DÍA TRES (defensa)



Está até o sétimo día dando descansos.



Do día seguinte volverán e dividiránse ao punto no que Clodomiro aparecería.



Clodomiro



Sigo sen saber que faigo aquí.

É o teu turno, elixido.



Sil...

Chegou a tua hora.

Vas morrer


TARADA!



É este mincha?







Ha! Ha! É agora o meu golpe estel!



Fantasia de Alfredo Simulador do seu golpe.

Maldición. Deixame ir.





Entrevista: THE SOUL JACKET

Esta entrevista foi realizada con motivo de propagar a música de estilo Rock & Roll. **The Soul Jacket** é un grupo vigués que comezou da man de Mauro, batería; Rubén, guitarrista; e Juan, baixista que tocaban versións dos míticos: Deep Purple, Black Sabbath, etc. Máis tarde coa incorporación de Toño, (vocalista) ao grupo The Soul Jacket atopan o seu propio son. No momento da entrevista, The Soul Jacket estaba composto por: Toño, Rubén, Santi, Juan, Mauro, Noe (voces e coros) e Adrián (teclados).

...Antes que nada, de onde vén o voso nome?, por que THE SOUL JACKET? Mauri (Batería): Buscábamos un nome que englobara ambos aspectos da nosa música, a música negra, Soul ou Rythm & Blues e o Rock & Roll. Gustounos e deixámolo.

Pódese traducir literalmente? [a chaqueta da alma (N.R.)] M: Non, non ten nada que ver, simplemente a sonoridade está moi ben e por iso deixámolo.

Juan (Baixo): pero, se podería traducir...

M: Aínda así poderíase traducir, si.

...Credes que tedes futuro, non só dentro das fronteiras do voso país, senón fóra desas fronteiras e incluso do outro lado do Atlántico, como se soe dicir? M: Dende logo, España, digamos que non é o lugar onde nos atopamos máis a gusto co estilo que facemos; realmente creo que, de feito, sería no estranxeiro onde teríamos máis acollida, ó mellor...

...Quen compón os temas dentro de the Soul Jacket? M: O instrumental compoñémolo todos, todos aportamos sempre algo. Das letras encargámonos nós os tres, Juan, Toño e máis eu. Santi tamén, no primeiro traballo tiña unha letra que era del, pero principalmente é Toño quen se encarga da letra.

...Algún dos comentarios máis frecuentes cos que a xente reacciona fronte a vós son do tipo de que non tedes un estilo definido ou non encaixades na escena galega ou viguesa. Estadades de acordo con isto? M: Evidentemente que non encaixamos na escena galega ou viguesa, a min non me gusta a escena galega. J: Somos demasiado para a escena galega. M: Máis que nada, que non é o noso sitio. E comentarios como que non temos un estilo definido, a min paréceme unha *gilipollez*. O que diga iso é que non nos escoitou ben, ningún grupo ten un estilo definido, é dicir, o estilo faino o grupo mesmo. E nós temos o noso estilo. A xente, cando nos escoita sabe que somos nós, non só pola voz do cantante senón que cada un temos un estilo moi particular.

<...Ningún grupo ten un estilo definido, é dicir, o estilo faino o grupo mesmo...>

...Que lles diríades ás persoas que non teñen interese en vós? J: Que eles o perden.

M: A min non me importan esas persoas. Se non teñen interese en nós pois, que non nos escoiten pero, si, eles son os que o perden.

J: Estou con el.

...A que tipo de persoas vai dirixida a vosa música? M: A todo o mundo, a todos os que teñan interese en escoitarnos.

...Que opinades dos grupos importantes galegos ou españois? M: Non sei, tampouco coñezo moitos. Hai algúns grupos, así, en Galicia, en Vigo ou por aquí como pode ser Moon Cresta ou o que foron os High Sierras ou Sugar Mountain que están moi ben e que fan un rolo, así, son os que se salvan, pero logo grupos que van de fachada e que son flor dun día non me parece que sexa algo propio de aquí. O que é a escena española non me identifico con ningún deles, a non ser que sexan grupos *underground*, pero cos que se escoitan normalmente, non me identifico con ningún deles como a Oreja de Van Gogh ou El canto del loco, ou toda esa merda...

...A peor experiencia relacionada con algún concerto? M: Home, sempre pasan cousas malas cando a xente...trátate como se foras un neno que está alí facendo ruído e tal pero...todas son boas no xeito de que te fan aprender e que che fan...sempre se aprende do malo. Non se poden chamar malas experiencias, pero ningunha en concreto... pasounos de todo, dende que nos quixeron facer pagar por beber máis... pero... non todo son malas experiencias, de todo aprendes e mentres teñas ánimo todo se pode volver unha boa experiencia.

<...Non todo son malas experiencias, de todo aprendes e mentres teñas ánimo todo pode volverse unha boa experiencia...>

...E a mellor? M: Pois non sei, cando, como nos pasou no Festichán cando tes a...cantos eran? 4000 ou 5000 persoas cantando un tema teu, e levantas a vista do instrumento e ves unha marea de xente coas mans levantadas cando hai un *flashazo*, iso é unha experiencia...das mellores ou a mellor, ou baixar do escenario e que a xente quere falar contigo ou que se quere sacar fotos contigo e interesarse polo que estás a facer, realmente fas que esa xente se vaia para casa contenta dicindo que o outro día vin a the Soul Jacket gustoume moito e son a hostia...

...A pregunta definitiva, cal é o mellor grupo da historia da música? M: Queen... a primeira etapa de Queen...para min. J: Para min, Kiss.

Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915 - Vigo, 1985)

É o editor, escritor e animador cultural homenaxeado no Día das Letras Galegas 2008.

Fillo de Darío Álvarez Limeses, militou na Federación de Mocidades Galeguistas e no Partido Galeguista .

Membro da Real Academia Galega e Cronista Oficial da cidade de Vigo . Álvarez Blázquez foi tamén fundador da primeira editora en lingua galega en 1950 , con Monterrey, que se había refundar no ano 67 co nome Castrelos e dar o primeiro *best-seller da literatura galega* .

O catecismo do labrego , de Valentín Lamas Carvajal , que abriu a colección *O Moucho* cun carácter popular como libros que eran "do pobo e para o pobo".

Extrema brevidade

A obra narrativa en galego de Xosé María Álvarez Blázquez é de menor importancia , non por calidade , senón pola súa extrema brevidade .

Xosé María Álvarez Blázquez foi o exemplo perfecto do que antes se chamaba , e aínda se chama ás veces , un polígrafo .

Xosé María Álvarez Blázquez - que ingresou na Real Academia Galega cun discurso sobre "Cantares e romances vellos prosificados"- realizou importantes achegas en materia de literatura popular e ilustrada , así como de arqueoloxía , de historia , de etnografía , e pronunciou innumerables conferencias e discursos . Xosé María Álvarez Blázquez publicou en vida tres libros de versos : *Poemas de ti e min* (1949) , escrito co seu irmán Emilio , *Roseira do teu mencer* (1950 Xerais 1992 - 2008) e *Canle Segredo* (1976) gañador en 1954 do premio Eduardo Pondal de centro Galego de Buenos Aires , *Romance do pescador Peleriño* (1954); *Cancioneiro de Monfero (século XIII)* (1953) , é o autor de diversos estudos de literatura coma *Escolma de poesía medieval* (1975) *Escolma de poesía galega II: A poesía dos séculos XIV a XIX* (1959) ou *Martín Códax. Cantor do mar de Vigo* (Xerais 1998) . No ámbito da narrativa cabe citar *Os Ruíns* (1936) e *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* (1971) ;e como autor teatral publicou *O zapato do cristal* . Xerais publicará na primavera de 2008 *A cidade e os días. Calendario Histórico de Vigo* (1959),a súa monumental obra sobre a historia viguesa . Foi finalista do Premio Nadal de novela en 1945, premio "Historia "dos Xogos Florais de Vigo , premio de poesía do Ceba en 1954 ,

premio de novela Pérez Galdós en 1955, premio de novela "López Cuevillas "... son algúns dos múltiples recoñecementos que Xosé María Álvarez Blázquez recibiu pola súa prolífica obra literaria que arrincou en Pontevedra en 1932 co poemario "Abril".



Arcs 1939-1940. Arquivo Lamas Carvajal - Cárreamo.

Como autor teatral escribiu "*O zapato de Cristal*" que foi escenificado en Vigo o 2 de Xaneiro de 1947 ou "*Os pazos altivos*", unha comedia en tres actos en verso que foi estreada Xixón o 11 de Xuño de 1947.

Para o seu fillo , Alfonso Álvarez Cáccamo , a homenaxe a Álvarez Blázquez <<esta foi unha noticia fantástica que permitirá dar a coñecer a obra do seu pai>> . Para o escritor, unha das tarefas fundamentais arredor do Día das Letras dedicado ao seu pai é a de <<editar a obra descoñecida , que é moita fama para que poidar ser entendido en conxunto cal foi o seu traballo literario>> .

Álvarez Cáccamo considera necesario recuperar a obra dispersa porque seu pai <<publicou moito en separatas, estudos, ensaios, textos, cousas que quedaron dispersas pero que dan idea dos intereses literarios e culturais que tiña>>. No mesmo sentido, cre que é necesario dar a coñecer o traballo editorial desenvolvido por Álvarez Blázquez .

Cáccamo sinala que foi a <<primeira editora en galego tras a Guerra Civil>> e comenta que <<era un traballo de botarlle horas no despacho. Lémbroo corrixindo galeradas a man e facendo artesanalmente todos eses labores que agora se consideran industriais>>.

Álvarez Cáccamo considera que hai << moitro traballo por facer >>, pero tamén sinala que <<é a primeira vez que un autor das Letras ten tres fillos escritores (Xosé María, Celso e o propio Alfonso) , poderemos facer moitas cousas>>.

Laura, Patricia, Pedro e Carlota (4º D)

RECUNCHO DE POESÍA

Velaquí tedes algún exemplo das cantigas que compuxeron alumnos de 3º ESO. Se queredes coñecer máis, atoparedes o "Libro das cantigas de 3º" na sala de lectura.

Se a tivese aquí comigo,
Non choraría o meu destino
Ai Deus!, penando esta desgraza.

Entre as súas brancas mans,
E mirada profunda como a noite
Ai Deus!, penando esta desgraza

Non choraría o meu destino
Se puidese ver o seu corpo velido,
Ai Deus!, penando esta desgraza.

Mirada profunda como a noite
E xa nunca bicar os ollos dela,
Ai Deus!, penando esta desgraza.

Marta López Lodeiro
3º ESO B

O mar levou ao meu amigo,
Por que non virá comigo?
Pronto chegará

As ondas do mar
Levárono por remar,
Pronto chegará

Non virá comigo,
As ondas tiraron ao meu amigo,
Pronto chegará

Levárono por remar,
E agora eu estou a cantar.
Pronto chegará.

Diego Bote Chamorro
3º ESO B

Por que me fas sufrir?

Señora do meu corazón
que apareces nos meus soños
sen saber eu a razón
que che fai negarme amor
aínda que sabes dos meus sentimentos
que para seguir dáme valor.
Por que me fas sufrir?

Bela dama que me namorou
estás sempre presente
sen saber por que tornou
a túa resposta nun non
que fai que sinta dor
dentro do meu corazón.
Por que me fas sufrir?

Dona do meu amor
que todo eu cho dei
sen saber que era a dor
que me produce a túa negación
aínda que seguirei a loitar
para poderte namorar
Por que me fas sufrir?

Señora da miña vida
que é coma unha rosa florida
sen saber o que eu sinto
que é simplemente amor
porque sabes que non minto,
linda e doce flor.
Por que me fas sufrir?

Cristina Carbajal Pérez
3º ESO B

Na beira do mar agardo
A túa chegada, meu amigo
Tráemo axiña, meu Deus!

Sigo agardando sentado
A chegada do meu amor
Tráemo axiña, meu Deus!

A túa chegada, meu amigo
Fai máis forte a miña dor
Tráemo axiña, meu Deus!

A chegada do meu amor
Fai a desesperanza no mar menor
Tráemo axiña, meu Deus!

Isabel Fontenla Pita
3º ESO C

A miña dor é coma as ondas do mar
choro, choro e non paro de chorar
Volve cedo, meu amigo.

Pregúntome cando volverás
cando chegarás, cando regresarás
Volve cedo, meu amigo.

Choro, choro e non paro de chorar
correndo pola beira do mar
Volve cedo, meu amigo

Cando chegarás, cando volverás
amor dos meus amores
Volve cedo, amigo

Carlos do Campo Carbajal
3º ESO C

A auga


Cando te achegas á auga
Podes ver como cae
E tamén escoitar a súa música

Música que non só ti aprecias
Tamén os simpáticos animais
Que alegres se achegan

A auga dálles conversa
E quítalle a gran sede
Xuntos fan un grupo

Un grupo inseparable,
Viven uns polos outros
Non só eles, tamén nós.

Patricia Rodríguez
4º Diversificación



CALIDOSCOPIO

Por Eire García Cid

Tiven que acender a calefacción. O frío facíame tremer todo o corpo, primeiro as dedas dos pés -embutidas nuns calcetíns molestamente húmidos-, logo, a friaxe subía os nocellos mentres os calafríos sucábanme a espalda de arriba abaixo.

Eu estaba moi ledo, o máis ledo que podía, tacitamente concentrado en non facer ningún movemento brusco que crease unha revolta de aire; ós poucos, acougaba a calor nos pregues da miña pel.

Naquela vella radio -aínda de casete- soaba unha recopilación das cancións de Dover na súa boa época, talvez ían sacar un "Greatest Hits" deses; por enriba daquela música soaban rimbombantes panxoliñas (ou, se cadra, estábaas a imaxinar, coa influencia ianqui, quen sabe?) O certo é que por un intre sentínme protagonista dunha desas películas americanas que emite "antena tres" os domingos ás catro (que ninguén me diga que nunca mirou unha) cuxos argumentos adoitan ser do tipo: "Santa Claus morre e un coitado debe entregar os miles de agasallos nun tempo mínimo para que todos os nenos do mundo non perdan a ilusión..."

De súpeto, un deses desagradables pitidos (sería atrevido dicir que proviña dun BMW?) espertoume do meu mar de pensamentos. O segundo gran esforzo (o primeiro fora coller o coche) que fixen naquela noite foi poñer o intermitente á esquerda, e digo gran, porque nada máis mover a man, xa notei na meixela un novo aire renovado que me fixo estremecer.

Se habitualmente xa era caótico conducir por Vigo, naquelas datas rozaba sentimentos de insufrible furia humana, canalizada a través dos claxsons.

Semáforo. O coche de adiante levaba o maletreiro cheo de paquetes, grandes e medianos (pequenos non) co envoltorio de "Toy's AR US" (por certo, por fin soupen como raios se escribía). Botei un ollo cara o meu asento traseiro, valeiro. Só repousaba alí, solitario, "O retrato de Doryan Grey", que bailaba dun lado para outro en cada curva; aquilo sacábame de quicio, non me defino como unha persoa excéntrica pero se volvía oír os berros daquel libro deslizando polo meu asento, ía ter un problema. Así que estirei a man ó tempo que rezaba para que o semáforo non se puxese en verde (aínda tiña ese verme que ataca os condutores novatos que lles obriga a estar pendentes do sinal todo o tempo para non meter a pata e que un coche de atrás non diga: pobriño que ten o L!), pero obviamente, como ocorre cando rogas os catro elementos, as cousas non saen como queres e o semáforo púxose en verde milagrosamente.

Seguín o traxecto. Doryan Grey seguía a berrar... Tiven que axustar o retrovisor, debía poñelo no lugar exacto, coa máxima precisión que unhas luvas de lá podían ofrecerme. As luces de nadal deslumbrábanme, estábamos a día 31, o certo é que levaban deslumbrándome dende o 15 de outubro. Rematei por reclinar un pouco no volante para poder seguir mirándoas.

Eran cativadoras para o subconsciente, aborrecíaaas nun primeiro momento, pero se as contemplaba durante un tempo ata podían chegar a parecer atractivas, actuaban coma un calidoscopio, non podía deixar de velas, as súas formas e cores, vistas ano tras ano, seguían despertando interese; ata nos vellos, perturbados polo inevitable paso do tempo, seguían mantendo esa ilusión propia do nadal, seguen pegando as súas narices, sexan chatas, respingonas ou puntiagudas ós xeados escaparates de xoguete, buscando cal será o agasallo máis axeitado para os seus netos. A ilusión tamén actúa como un calidoscopio, pódese apreciar nas miradas ou nas palabras. En todo o mundo é igual e diferente a un tempo. Mesmas sensacións, distintos motivos, ou quizais mesmos motivos, distintas sensacións. E aínda que todo o mundo ten ilusión, por ínfima que sexa, independentemente da idade, a ilusión é algo que nunca ninguén quere deixar de ver, tal como un calidoscopio.

Chegara ó meu destino, non sei como, pero conseguín aparcar ó lado do Corte Inglés (a fazaña da miña vida e ninguén estaba alí para velo): ó ver que aquel coche saía, pensei que xa estaba recibindo o agasallo de nadal.

Quitei a chave e apaguei a radio, agardei cinco minutos armando a miña mente para o descenso de temperatura, coma se se tratase dunha batalla.

Ó saír do coche cen coitelos atravesaron os meus beizos, entón alí, na metade da rúa, saquei a barra de cacao do bolsillo da chaqueta, levaba alí dende o inverno pasado, e dende o anterior... Pola ventá do meu coche aínda vía a Doryan, non podía evitar amosarlle un ápice de recelo na mirada polo escandaloso concerto que me dera. Aínda estaba resentido con el, pero deixalo aí, tan soíño, nesa data... non.

O piso da miña avoa estaba por aí preto, din grandes zancadas co libro baixo o brazo ata chegar ó portal. A porta abriuse, viume unha ráfaga de aire quente que fixo que o meu cerebro volvесе activarse, quitei a chaqueta e directa ó percheiro xunto co meu compañeiro de viaxe.

Cando entrei na salía abarrotada de xente, atopei a escena que estaba esperando atopar e que se pode resumir en catro puntos: o

primeiro, mostras inquietantes de cariño filial; o segundo, hipócritas sorrisos; o terceiro, un cúmulo de agasallos excelentemente envoltos; e o cuarto, un tío, realmente non importa cal, fotografando a todos os nenos e a todas as nenas, esas serán as fotos que, adiviño, formarán parte do álbum que se amosará en febreiro e que ocupará unha semana de tema de conversación para a mesa (sempre xunto co viño e a política) con célebres frases como: este vestido non é o que levara o ano pasado?

Hai que lle engadir desmesurados adornos, por suposto.

A escena tamén podía actuar coma un calidoscopio, non me agradaba en especial, pero non podía deixar de contemplalos, estudando cada xesto da súa absurda conducta que paradoxalmente eu adoptaría de aí a dez minutos inconscientemente.

O móbil vibrou no meu pantalón por décimo oitava vez no día, era unha mensaxe, e lin por décimo oitava vez no día: "FELIZ ANINOVO. Espero que sexas moi feliz neste...bla bla bla", típicos mensaxes para quedar ben. Son soamente iso; á xente que realmente queres que sexa feliz, non precisas mandarlle unha mensaxe a día trinta e un de decembro, suponse que xa o sabe porque intentas facerllo ver durante todo o ano, pero non, de súpeto, nese día, todo o mundo desborda de amor contido. Iso si é desquiciante, sen embargo contesteille con un: "EU TAMÉN ESPERO QUE SEXAS FELIZ NESTE ANO...", e en realidade non, a min como se te come unha cascuda xigante.

Entón, sentín a maxia do nadal, as campás soaron, os anxos mandáronme o seu sinal ou, dito con outras palabras: chegoume o cheiro do marisco.

A comida en abundancia, a sensación de querer rexeitar media ducia de percebes porque tes o bandullo cheo, iso só pasa no nadal e é o mellor que ten. Ó meu xuízo, disto xa non hai máis que falar.

Entablei banais conversas con algúns membros da miña familia, que é o que se adoita facer nestas datas. "Sacaches o carné?, Saquei", non pensades que é que teño o coche no centro do meu universo, pero é un bo exemplo de conversa estúpida, sobre todo cando sabes perfectamente que esa persoa sabe que sacaches o carné.

Asomeime pola ventá, amodiño, retirando as cortinas primeiro, alí vira entre a multitude, unha muller pedindo na rúa, con isto supoño que non fai falta describir a súa roupa ou o seu aspecto. No medio da rúa había unha muller agoniante, pedindo cartos.

Non sei se é por ese gusto inconsciente da natureza humana de ver ós demais en situacións de inferioridade, pero non podía deixar de vela, alí, indefensa, rogando axuda. Foi entón cando dei co tema da pobreza no nadal, que quixen aparcas por conter tanta política.

Simplemente intentei non sentir compaixón por aquela muller. Intentei non sentir nada que despois me desacougara, mais era imposible non ver como a xente pasaba arredor dela cargada con catrocentas bolsas. Era doloroso, pero eu sabía, e iso era o peor, que unha desas persoas sería eu mañá, ou pasado ou o seguinte.

Corrín de novo as cortinas e caín no sillón. Entrecrucei os dedos, xoguei co cinto, todo intentando acalar as voces da xente que ría, das sintonías dos móbiles, de Emilio Aragón de fondo falando de que quedaban só 15 minutos para o ano 2008, calando tamén os meus pensamentos, pero canto máis tentaba calalos, máis me gritaban ata facerse insoportable, creo que foi a primeira vez que tiven unha desas loitas interiores, pasaba o tempo e cheguei á seguinte conclusión:

O noso nadal componse do frío (principalmente), das luces, do decorado, da familia, da comida, dos agasallos, das mensaxes de móbil, dos reis magos, da ilusión... do materialismo, da pobreza, do nacemento de Xesús para algúns...

Xa non importa, xa non hai valores que actúen como piares para o nadal, xa non hai valores que o destrúan. Está aí.

O nadal pódese ver coma un calidoscopio, e non me refiro ó significado de instrumento formado por anacos de vidro que forman imaxes variadas ó movelo, non, refírome a esa sensación que da un calidoscopio, esa sensación cativante, esa sensación que che impide apartar os ollos del, que che impide deixar de observar as formas e as cores, esa sensación que fai que che resulte imposible soltar ese aparello.

O nadal é igual; por algún motivo descoñecido, a todo o mundo soe gustarlle o nadal, estando todo o mundo composto por individuos moi diferentes, é unha festividade común suxeitada polo materialismo do que somos escravos, sabémolo; aínda así, quen pode abstraerse do nadal?


De novo, deixei de mergullarme no meu mar, agora tiña unha cunca grande con doce uvas na man.

O sonido que conseguira calar co meu ensinismamento, volvía progresivamente a min: 12, 11, 10, 9, ...

ELEMENTOS QUÍMICOS E A MITOLOXÍA


Carla Pérez e Enrique López. 3º de ESO

Este artigo non pretende ser máis que unha homenaxe ao gran químico Dimitri Ivánovich Mendeleev (1834-1907), xa que o ano pasado celebrouse o centenario da súa morte.



El foi o primeiro en establecer unha periodicidade nas propiedades dos elementos químicos descubertos ata aquel momento, intuír a súa agrupación en familias e postular a necesaria aparición de novos elementos que ocuparían os ocos que existían. Dende ese momento moitas das súas predicións foron corroboradas ata chegar a establecerse o sistema periódico actual, con 117 elementos xa descubertos.

Agora queremos amosar, coma unha homenaxe máis neste aniversario de Mendeleev, en que modo está presente a influencia da mitoloxía, sobre todo a Grega, que deixou na táboa periódica tantas pegadas como na pintura, na literatura, na escultura ou na música, polo que aquí tedes unha relación de nomes de elementos químicos e a súa procedencia:



Telurio: na honra da deusa romana Tellus, que personificaba a terra na mitoloxía latina.

Selenio: por Selene, a deusa Grega que personificaba a lúa.

Uranio: por Uranio, deus do ceo, que deu nome tamén ao planeta descuberto uns poucos anos antes que o elemento.

Neptunio: por Neptuno, deus do mar, chamado así no latín e Poseidón no grego.

Plutonio: por Plutón, sobrenome eufemístico que os gregos deron a Hades, o deus que habita no mundo subterráneo, reinando sobre os mortos.

Paladio: por Palas Atena, deusa grega da intelixencia aplicada a calquera arte ou ciencia. O descubrimento deste elemento concidiu co do asteroide ao que se chamou Palas.


Cerio: tomou o seu nome da deusa latina encargada da fertilidade da terra, Ceres.

Iridio: por Iris, mensaxeiro dos deuses, que cando ten que baixar a terra a levar algún recado estende o arco ao que da nome e se serve del como dunha escaleira mecánica. O seu espectro mostra cores variados e vivos.

Titano: polos Titanes, fillo de Urano (o ceo) e Gea (a terra). Eran inmortais e practicamente indestructibles, de xeito que cando os deuses olímpicos os derrotaron, os encadearon vivos no Tártaro.

Euripides: por Europa, xoven fenicia a quen Zeus, transformándose nun fermoso touro branco, troxoa ao outro lado do mar, sendo a actual Europa.

Tantalio: por Tántalo, un home tan rico que os deuses o invitaban aos seus banquetes, pero tan necio como para revelar aos mortais no que alí se cotillaba, ou incluso intentar roubar néctar e ambrosía, bebidas exclusivas dos inmortais.



Foi condenado no Hades a estar sumerxido nun río pero sen poder beber, pois o nivel da auga baixaba cada vez que él se inclinaba para tomala, nin comer, pois o manzano que tiña ante si alargaba o seu tronco cada vez que o infeliz trataba de coller unha mazá.

Tamén recibiron nomes mitolóxicos, aínda que esta vez procedentes das lendas escandinavas, o Torio, de Thor, deus da guerra e o Vanadio, de Vanadis, deusa da beleza, polo fermoso colorido dos seus compostos.

A HISTORIA DO CERO

Non empregaban o
cero como un número,
senón como un lugar
baleiro.



Representaban o
cero mediante
dúas espigas
inclinadas.

BABILONIOS

Empezaron a utilizalo
arredor do ano 400
a.C.



GRECIA

Alexandre Magno
conquista
Mesopotamia no ano
331 a.C.

Os gregos
entran en
contacto coa
cultura
babilonia.

No ano 628 Brahmagupta
emprega por primeira vez
o cero como un número
máis.

Os hindús son os
primeiros en
empregar o cero
como un número e
non como un lugar
baleiro.



A INDIA

Representaban
o cero cun
pequeno círculo.

Ao cero chamábanlle
SUNYA (BALEIRO)



ÁRABES

Al-Khowarizmi escribe unha
obra baseada nunha tradución
árabe de Brahmagupta.

Ao cero
chámánlle
SIRF.



Fibonacci,
comerciante italiano,
viaxa polo norte de
África, entrando en
contacto coa cultura
árabe.



EUROPA

En 1202, coa súa
obra LIBER ABACI
introduce o cero e o
sistema de
numeración indo-
arábigo en Europa.

Ao cero
chamóuselle
ZEPHIRUM, en
latín.

E MENTRES TODO ISTO ACONTECÍA NO VELLO CONTINENTE...
NO NOVO MUNDO AÍNDA POR DESCUBRIR...



MAIAS

Utilizaban un debuxo
que podía ser un
caracol ou un ollo
pechado.

Tense constancia de
que xa empregaban
un símbolo para o
cero no 35 a.C.

Non consideraban
o cero como un
número.

A. e N. L. T.

ENIGMAS

O NÚMERO ESPECIAL

Coloca as cifras do 1 ó 6 de xeito que o número formado pola 1ª e a 2ª cifra sexa múltiplo de 2; o formado pola 2ª e a 3ª sexa múltiplo de 3, e así sucesivamente ata chegar a que o número formado pola 5ª e a 6ª cifra sexa múltiplo de 6. Unha pista: o número empeza por 1.

1					
---	--	--	--	--	--

A PESADA IMPOSIBLE

Temos unha balanza de pratos e cinco pesas de 3, 6, 8, 12 e 16 gramos. Con estas pesas podemos pesar cantidades entre 1 e 33 gramos (incluídas) exepo unha soa cantidade. ¿Podes dicir cal? Unha pista: Por exemplo, podemos pesar 7 g poñendo nun prato os 7 g mais a pesa de 8 g e no outro prato as pesas de 3 e 12 g.

A BARALLA

Nunha mesa hai 4 cartas en fila. O cabalo está á dereita dos bastos. As copas están mais lonxe das espadas que as espadas dos bastos. O rei está mais preto do as que o cabalo do rei. As espadas están mais preto das copas que os ouros das espadas. O as está mais lonxe do rei que o rei da sota.
¿Cales son os catro naipes e en qué orde están?

O ASCENSOR

Catro xogadores de rugby entran nun ascensor que pode transportar 380 kilos como máximo ¿Poden subir os catro ou soará a alarma? ¿Canto pesa cada xogador? Os datos son:
Pablo é o que mais pesa: se cada un dos outros pesara tanto como el, a alarma soaría. Carlos é o mais lixeiro: ¡o ascensor podería subir a cinco como el! Renato pesa 14 kilos menos que Pablo e so 6 menos que Xesús. Xesús pesa 17 kilos mais que Carlos. Os pesos de Carlos e Pablo son múltiplos de 5.

UN PROBLEMA DE EINSTEIN

Problema proposto por Einstein. Einstein dicía que so o 2% da poboación era capaz de resolvelo. ¿Serás parte de ese 2%?

Condicions iniciais:

- 1) Temos 5 casas, unha de cada cor.
- 2) O dono de cada casa é de nacionalidade diferente.
- 3) Eses cinco propietarios beben bebidas diferentes, fuman marcas diferentes e teñen animais diferentes.


Os datos:

- 1) O inglés vive na casa vermella.
- 2) O animal do sueco é o can.
- 3) O danés bebe té.
- 4) A casa verde está situada inmediatamente á esquerda da branca.
- 5) O propietario da casa verde toma café.
- 6) A persoa que fuma Pall ten paxaros.
- 7) O propietario da casa amarela fuma Dunhill.
- 8) O que vive na casa do medio bebe leite.
- 9) O noruegués vive na primeira casa.
- 10) A persoa que fuma Blend vive a carón do que ten gatos.
- 11) O home que ten cabalos vive o lado do que fuma Dunhill.
- 12) A persoa que fuma Blue bebe cervexa.
- 13) O alemán fuma Prince.
- 14) O noruegués vive ao lado da casa azul.
- 15) O home que fuma Blend ten un veciño que bebe auga.

A pregunta:

¿Quen ten peixes?

ADIVIÑA QUEN É QUEN.



SON PROFESORES
DO INSTITUTO?

O XOGO DOS BOLOS CELTAS

Nesta Fisterra atlántica existe un modo particular de ver e de interpretar o mundo que ao longo do tempo, produciu unhas prácticas sociais que deron lugar a expresións dun patrimonio común compartido por Galiza e o Norte de Portugal.

A Asociación Ponte...nas ondas! vén traballando arreo no coñecemento e difusión do noso patrimonio entre o alumnado das escolas galegas e portuguesas, coa finalidade de achegar ás novas xeracións a nosa cultura tradicional para evitar romper a cadea de transmisión dos saberes que a compoñen.

Para a XIV edición de Ponte...nas ondas! o Equipo de Normalización Lingüística do IES Val Miñor de



Nigrán decidiu preparar un vídeo no que se mostrase a tradición dos bolos

celtas, xogo que permanece con forza no Val, e que chegou ata os nosos días sendo transmitido de xeración en xeración. No Val practícase en Camos, Ceán, Peitieiros, Praia América... Celébrase, mesmo, unha liga intercontinental con Argentina ou Uruguay, países aos que os emigrantes levaron a tradición. Tamén se xoga neutros lugares de Galicia e en

Asturias, Madrid ou Barcelona; por suposto, no norte de Portugal.

Eu descoñecía absolutamente o mundo dos bolos celtas, así que, para realizar o vídeo había que documentar



se. O que primeiro fixemos, foi contactar con Eugenio, presidente da Federación de bolos celtas de Galicia e vicepresidente da Federación española, quen nos achegou información e concedeunos algunha entrevista. Chema e Silvia, de 4º ESO, alí estiveron para conversar con el sobre o material empregado, a historia do xogo, as regras, as variantes... Inmortalizaba o momento coa cámara de vídeo, Agustín Comesaña.

E con Agustín achegueime unha mañá de domingo a gravar unha partida. Quedamos ás dez no campo de Camos. El xa estaba "rodando" cando eu cheguei, sen perder o tempo, como un profesional. Levei unha sorpresa ao ver tanta xente do instituto participando no xogo: Mario, Pedro, Abel, Aarón... Abel e Aarón puxéronme ao tanto da esencia da partida e do ambiente, pois souben que un dos aspectos máis atractivos do desenvolvemento do xogo é, precisamente, a relación que se establece coa xente que asiste a el. Ese ambiente envolveume e fixome pasar unha mañá entrañable falando con uns

e cos outros, Moitos mostráronse dispostos a contarme os seus coñecementos e experiencias no xogo que eu atendín entusiasmada. Mesmo o Puga, un home duns 70 anos que xogou aos bolos celtas desde os 15, a pesar da pouca simpatía que lle inspiraba a cámara, aceptou sembrar o seu pasado como xogador diante dela. Falamos con Isidro, o vicepresidente da Federación galega de bolos celtas e con outros xogadores que, amablemente, sentaron ao redor dunha mesa, ao lado do bar, e entraron en conversa comigo mentres, Agustín coa cámara, non perdía detalle...



No campo de Camos hai unha parte reservada para os xogadores xuvenís e outra, a de arriba, cuberta cunha estrutura de madeira, onde xogan os veteranos. Chamoume a atención que os premios que se lles outorgarían aos gañadores, alí estaban espreitando o xogo: un carneiro (“O xogo do carneiro”) e un galo. Coitados...!

Foi unha moi boa experiencia que gocei grazas á boa acollida da xente. A próxima vez, mesmo me atreverei a lanzar o birlo...

Co material videográfico e fotográfico conseguidos fomos outra mañá cun grupo de alumnos ao estudo de gravación do CEFORE en Vigo, con intención de facer a montaxe. Consequimos gravar a voz do vídeo (a de Aine). Para o resto, houbo que dedicarlle moito máis tempo e paciencia, algo que lle temos que agradecer a Fernando García.



O resultado, podedes velo o 6 de xuño no programa que emitirá a Asociación Ponte...nas ondas! a través de internet (www.pontenasondas.org) o na páxina web do instituto na sección de Normalización Lingüística.

Grazas a todos os alumnos que participastes para que este vídeo fose posible. E noraboa polo resultado!



Teresa Grande

Equipo de Normalización Lingüística

SUCEDEU HAI 40 ANOS por M.M.J

Adicado a todos aqueles para os que, dalgún xeito, 1968 foi un ano para non esquecer, ben por nacer, ben por comezar os estudos na universidade, por cantar o La,la,la de Massiel, por lembrar a Martín Luther King, por....todas esas outras cousas.

PRIMAVERA DE PRAGA

Durante a Guerra Fria, a **Primavera de Praga** foi un período de intento de liberalización política en Checoslovaquia que durou desde o 5 de xaneiro de 1968 ata o 20 de agosto dese mesmo ano, cando o país foi invadido pola URSS e os seus aliados no Pacto de Varsovia (a excepción de Rumania) nunha acción que pretendía evitar o ingreso dun potencial sistema capitalista dentro de Checoslovaquia. O seu principal impulsor foi Alexander Dubček e bautizou ao seu sistema como Socialismo con rostro humano co fin de retirar parte da represión propia destes rexímenes e ofertar unha alternativa válida para o frío e opresivo sistema soviético, pero sempre dentro do bloque comunista. O período de liberalización política en Checoslovaquia chegou ao seu fin o 20 de agosto de 1968, cando 200.000 soldados e 5.000 tanques do Pacto de Varsovia invadiron o país. As críticas desde Occidente foron casi

inexistentes; escritores de esquerda, como Tariq Ali, argumentaron que isto se debía a que os estados de Occidente veían no socialismo humano e democrático de Checoslovaquia como un desenvolvemento cara unha terceira vía, unha ameaza máis grande ao capitalismo que o comunismo soviético que, en grande medida, xa estaba moi desacreditado en 1968. Trala invasión o propio Dubček volveu tomar o poder e a perseguir as disidencias, coa intención de que esta persecución fora o máis suave posible. Ata o final da súa vida que levou mantivo as reformas porque non sabía que os dirixentes de Moscú "eran uns gansters".

Unha década despois, A Primavera de Praga "prestou" o seu nome a un período de aperturismo político en China, coñecido como a Primavera de Pekin.

GUERRA DE VIETNAM

O 31 de xaneiro, en Saigón (Vietnam), soldados do Viet Cong atacan a embaixada estadounidense. O 13 de febreiro, bombarderos estadounidenses do tipo B-52 atacan unidades do Viet Cong nos barrios periféricos de Saigón. O 24 de febreiro, forzas estadounidenses efectúan o primeiro bombardeo do porto fluvial de Hanoi. O 16 de marzo, tropas estadounidenses matan a centenas de civís, é a Matanza de My Lai, con 500 nenos, mulleres e ancians, que provocou un escándalo internacional. O 11 de novembro, comeza a Operación Comando Hunt, que deixará caer 3 millóns de toneladas de bombas sobre Laos.



MAIO FRANCÉS

O 22 de marzo, en Francia iníciase o movemento que levaría ao maio francés, con manifestacións, folgas e ocupacións. En maio, realízase unha revolución universitaria e posterior folga xeral. Todo comezou cando se produciron unha serie de folgas estudiantis en numerosas universidades e institutos de París, seguidas de confrontacións coa universidade e a policía. O intento da administración de de Gaulle de afogar as folgas mediante unha maior carga policial só contribuíu a encender os ánimos dos estudantes, que protagonizaron batallas campais contra a policía no Barrio Latino e despois, unha folga xeral de estudantes e outras folgas secundadas por dez millóns de traballadores en todo o territorio francés. As protestas chegaron a tal punto que De Gaulle disolveu a Asamblea Nacional e se

celebraron eleccións parlamentarias anticipadas o 23 de xuño de 1968. A primeira reivindicación dos estudantes foi que se lles permitira acceder aos dormitorios das mulleres nas universidades, acceso que non estaba permitido pois normas sociais da época. Ao principio o movemento xurdiu como resposta estudiantil á represión policial, pero en pouco tempo os traballadores comezaron fortes folgas que paralizaron o país. O goberno se atopaba, nese punto, ao borde do colapso, pero a situación revolucionaria se evaporou tan rápido como xurdira. Os traballadores, despois de conseguir importantes melloras salariais, volveron ao traballo, a petición da Confederación General del Trabajo, sindicato de esquerdas, e do Partido Comunista Francés.

Cando se celebraron as eleccións, o partido

gaullista emerxeu máis forte que antes.

OUTROS ACONTECEMENTOS

O 6 de xaneiro, Álvaro Cunqueiro, gaña o premio Nadal pola súa novela *El hombre que se parecía a Orestes*.

O 17 de febreiro, autorízase a ensinanza da lingua vasca nas escolas públicas de San Sebastián.

O 4 de abril, Martín Luther King é asasinado por James Earl Ray en Memphis (EE.UU.), cando se preparaba para liderar unha marcha nesa cidade.

O 6 de abril, a cantante española, Massiel, gaña o Festival da Canción de Eurovisión en Londres, co tema *La, la, la*.

O 5 de xuño, en EE. UU., disparan a Robert F. Kennedy, quen morre ao día seguinte.

O 25 de xullo, no Vaticano, o papa Pablo VI publica a encíclica *Humanae Vitae*, na que condea o uso dos anticonceptivos.

O 23 de agosto, en Galicia, despois de tirarse desde unha rocha cara ao mar, Ramón Sanpedro sofre o accidente que o deixaría tetraplético e postrado nunha cama durante os casi 30 anos seguintes.

O 2 de outubro, na Cidade de México, ten lugar a matanza de Tlatelolco na contra dun grupo pacífico de manifestantes e o 12 de outubro inagúranse nesa mesma cidade os XIX Xogos Olímpicos.

O 22 de novembro, o grupo de rock The Beatles lanza en Londres o seu *Album blanco*.

O 22 de decembro, en China, Mao Zedong, orde que os xóvenes educados na cidade se reeduquen no campo. Comeza o movemento «Up to the mountains and down to the villages».

O 24 de decembro, o Apolo 8 entra na órbita lunar. Os astronautas Frank Borman, Jim Lovell e William A. Anders convírtense nos primeiros

seres humanos que ven a cara oculta da Lúa e o planeta Terra enteiro.

NACEMENTOS

Davor Suker, futbolista croata (1 de xaneiro), **Iñaki Urdangarin**, xogador de balonmán español (15 de xaneiro), **Felipe de Borbón y Grecia**, príncipe de Asturias (30 de xaneiro), **Humberto Villafuerte**, escritor mexicano (6 de marzo), **Céline Dion**, cantante canadiana (30 de marzo), **Ashley Judd**, actriz estadounidense (19 de abril), **Fernando León de Aranoa**, director de cine e guionista español (26 de maio), **Kylie Minogue**, cantante australiana (28 de maio), **Ana Duato**, actriz española (18 de xuño), **Chayanne**, cantante y actor puertorriqueño (28 de xuño), **Jordi Mollá**, actor español (1 de xullo), **Kosuke Fujishima**, artista de manga xaponés (7 de xullo), **Pablo Rey**, pintor español (12 de agosto), **Eve Gil**, escritora mexicana (22 de setembro), **Mika Hakkinen**, piloto finlandés de Fórmula Uno (28 de setembro), **Naomi Watts**, actriz australiana (28 de setembro), **Ziggy Marley**, músico de reggae (17 de outubro), **Aitana Sánchez Gijón**, actriz española (5 de novembro), **Ana M^a Alvarado**, periodista mexicana (28 de novembro), **Alejandro Sanz**, cantante e compositor español (18 de decembro), **Carla Bruni**, modelo e cantautora italiana (23 de decembro).

CINE

2001: Una odisea del espacio. De Stanley Kubrick.

El planeta de los simios. De Franklin J. Schaffner.

MÚSICA

Deep Purple: *Shades of Deep Purple*.

Jimi Hendrix: *Axis: Bold as Love y Electric Ladyland*.

John Lennon: *Unfinished Music Volume One: Two Virgins*.

Lluís Llach: *L'Estaca*.

Massiel: *La, la, la*.

Otis Redding: *The Dock of the Bay*.

Pink Floyd: *A Saucerful of Secrets*.

The Band: *Music from Big Pink*.

The Beatles: *The Beatles (The White Album)*.

The Doors: *Waiting for the Sun*.

The Rolling Stones: *Beggar's Banquet*.


Frank Zappa: *We are only in it for the money*.



1º ESO A



1º ESO B




2º ESO A



2º ESO B




2º ESO C



3º ESO A



3° ESO B




3° ESO C



4°ESO A



4°ESO B



4°ESO C




4°ESO D



1° BAC A



1° BAC B




1° BAC C



2° BAC A



2º BAC B



2º BAC C

Índice

Páx: Artigo

3	Soneto da Touba do Brión
4	Despedida do curso
5	Carta Saharaui
6	A garza e o brión
8	Festival de Nadal
10	Viaxe Comenius a Viena
12	A tradición do Samaín
13	Alumnos de 1ºBac visitan unha exposición en Santiago
14	Viaxe Comenius a Estambul
16	Mini olimpiada de Química
17	Ciencia e cine: Gattaca
20	Preguntas a alumnos de segundo de bacharelato
21	Rexina Veiga, escritora e profesora
22	Entrevista: Jesús Martínez Novás
24	Bandas deseñadas premiadas no concurso organizado polo ENL.
38	Entrevista: The Soul Jacket
39	Xosé María Álvarez Blázquez
40	Recuncho de poesía
42	Calidoscopio
44	Elementos químicos e a mitoloxía
45	Historia do cero
48	Enigmas
49	Adiviña quen é quen
50	O Xogo dos Bolos Celtas
52	Sucedeu hai 40 anos
54	Fotos de alumnos

Solucións aos acertixos

O número especial: 163254

A pesada imposible: 32

A baralla: De esquerda a dereita: rei de ouros, sota de copas, as de bastos, cabalo de espadas.

O ascensor: Pablo, 100 quilos; Carlos, 75 quilos; Renato, 86; Xesús, 92.

Un problema de Einstein: O Alemán

Solución: Quen é quen?

Ángel M. Díaz

Paloma Pérez

Natalia da Cruz

José Ángel Iglesias

Teresa Grande

